



### CONCELLOS

#### CERVANTES

##### Anuncio

#### ACORDOS PLENARIOS E RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA SOBRE O NOVO RÉXIME DE ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO CONCELLO

Constituída a Corporación Municipal o día 15 de xuño de 2019, e celebrado o día 10 de xullo o pleno extraordinario á que fai referencia o artigo 38 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, publícase os seguintes acordos plenarios e decretos de Alcaldía sobre o novo réxime de organización e funcionamento do Concello:

##### A.-RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA:

##### **A.1 Resolución de alcaldía de 2 de xullo de 2019 de nomeamento de concelleiros delegados**

“Logo da Constitución da Corporación o día 15 de xuño de 2019 e téndose efectuado a toma de posesión do cargo da alcaldía do Concello de Cervantes na mesma sesión.

De conformidade co artigo 23 da Lei 7/1985, Reguladora das bases do réxime local (LBRL), e 43 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF) a alcaldía pode delegar o exercicio de determinadas atribucións nos membros da xunta de goberno local sen perxuízo das delegacións especiais que, para cometidos específicos, poida realizar en favor de calesqueira concelleiros, aínda que non pertencen á xunta de goberno local.

De conformidade co artigo 43 do ROF as delegacións competenciais poden ser xenéricas (referidas a unha ou varias áreas ou materias determinadas, poidéndose adaptar a servizos que se presten no concello), ou especiais (para cometidos específicos, que se pode realizar en favor de calesqueira concelleiro).

As delegacións xenéricas poden abarcar tanto a facultade de xestionar os servizos (entendendo por xestión a planificación), a facultade de dirixir (executar o planificado) e a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.

Se a resolución de delegación se refire xenericamente a unha materia ou sector de actividades en especificar as potestades, entenderase que comprende todas as facultades indicadas (dirección, xestión e resolución), dereitos e deberes referidos á materia delegada, coa excepción das que a LRBL indica como indelegables.

Á vista do exposto, e a fin de dotar de seguridade xurídica ao reparto competencial entre a alcaldía e as tenencias de alcaldía e concelleiros para mellorar a eficacia e celeridade nas actuacións municipais, esta alcaldía, no exercicio das competencias legalmente atribuídas polos artigos 21 da LRBL e artigo 61 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia (LALGA), e de conformidade co establecido no artigo 46.1 do ROF

##### RESOLVO:

Realizar as seguintes delegacións:

PRIMEIRO.- Delegar no teniente de alcalde, D. Luis de Alonso Álvarez, os asuntos relacionados en materia de cultura, educación, sanidade, deporte e servizos sociais.

SEGUNDO.- Delegar no teniente de alcalde, D. Eduardo Pérez Gutiérrez, os asuntos relacionados coas obras e vías públicas.

TERCEIRO.- Os concelleiros delegados terán os seguintes cometidos:

a) Dirección e xestión inmediata, vixilancia e inspección de todas as áreas que se lle delegan e a dirección do persoal adscrito aos servizos referidos.

b) Poner en coñecemento da alcaldía todas as deficiencias que observen nos servizos que lle estean encomendados para que a alcaldía dite as resolucións pertinentes.

c) Estudo e propostas de medidas a adoptar para o bo funcionamento dos servizos municipais que se lles delegan.

d) Informes con propostas de resolución, si o estima conveniente a alcaldía, xunta de goberno local e pleno, por propia iniciativa ou cando lles exan solicitados en relación coas áreas municipais que lle son delegadas.

CUARTO.- Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tacitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución do nomeamento ao Boletín Oficial da Provincia de Lugo para a súa publicación no mesmo, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da sinatura da resolución polo Alcalde.

QUINTO.- Dar conta ao Pleno do Concello desta Resolución na primeira sesión que se celebre.”

#### **A.2 Resolución de alcaldía de 1 de xullo de 2019 nomeamento de Tenentes de Alcalde**

“Vista a celebración das eleccións municipais o día 26 de maio de 2019 e logo de proceder o día 15 de xuño de 2019 á constitución da nova Corporación Local. En virtude das atribucións que me confiren os artigos 21.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 46.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro

RESOLVO:

PRIMEIRO. Designar como Tenentes de Alcalde do Concello de Cervantes aos seguintes Concelleiros:

1º TENENTE DE ALCALDE: LUIS DE ALONSO ÁLVAREZ
2º TENENTE DE ALCALDE: EDUARDO PÉREZ GUTIÉRREZ
3º TENENTE DE ALCALDE: FERMIN DIGÓN LÓPEZ

Aos Tenentes de Alcalde nomeados, previa aceptación do seu cargo, correspóndelles en canto a talles, substituír ao Alcalde na totalidade das súas funcións e pola orde do seu nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que imposibilite a este para o exercicio das súas atribucións.

SEGUNDO. Notificar persoalmente a presente resolución aos designados, que se considerará aceptada tácitamente, salvo manifestación expresa; e remitir a Resolución de nomeamento a o *Boletín Oficial da Provincia de Lugo* para a súa publicación no mesmo, igualmente publicar a Resolución no taboleiro de anuncios do Concello, sen prexuízo da súa efectividade desde o día seguinte da firma da Resolución polo Alcalde.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://cervantes.sedelectronica.gal>].

TERCEIRO. Dar conta ao Pleno do Concello desta resolución na primeira sesión que celebre.”

#### **A.3 Resolución de alcaldía de 3 de xullo de 2019 nomeamento de membros da Xunta de Goberno local e delegación de atribucións a prol da mesma**

“Xa que logo, e en uso das facultades que me confiren os artigos 21.3 e 23.1 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; 65 da Lei 5/97, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 43.2 e 52 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, do 28 de novembro de 1986,

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Nomear , no suposto da súa creación polo Pleno como membros da Xunta de Goberno Local aos seguintes concelleiros:

-Don Luís de Alonso Álvarez.

-Don Eduardo Pérez Gutiérrez.

-Don Fermín Digón López

SEGUNDO.- Corresponde á Xunta de Goberno Local, ademais da asistencia permanente ,ao Alcalde no exercicio das súas atribucións, as seguintes que atribucións que expresamente se delegan:

1.- As contratacións e concesións de toda clase de obras, servizos e suministros, dentro dos límites competenciais que ó alcalde-presidente outorga a Disposición Adicional 2ª da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público.

2.-Aprobación da autorización e disposición de gastos de competencias da alcaldía, excepto:

- Haberes e retribucións nominativas de persoal municipal de toda clase, de conformidade cos acordos corporativos.
- Os gastos derivados das cotizacións á Seguridade Social.

- Os servizos telefónicos, enerxía eléctrica e similares, que se liquiden con arreglo ás tarifas oficialmente aprobadas.
- Os intereses e amortizacións de préstamos, gastos por xestión de recibos e comisión bancarias.
- Gastos derivados de publicación de anuncios en boletíns oficiais, taxas administrativas e multas e sancións.
- As certificacións derivadas das contratacións e concesións de toda clase.
- Facturas de contía inferior a 4000 €.
- Pagos de IRPF e IVA.

3.- Aprobación de liquidacións de ingresos directos derivados de licenzas e autorizacións delegadas na Xunta de Goberno Local.

4. Acordos relativos a concesión de subvencións dentro dos créditos orzamentarios a tal fin destinados.

5.- Aprobación da oferta de emprego público de acordo co orzamento aprobado e o cadro de persoal aprobados polo Pleno, e aprobar as bases das probas para a selección de persoal e para os concursos de provisión de postos de traballo.

6.-As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanístico e dos proxectos de urbanización.

7.-Aprobación dos proxectos de obras e de servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión e estean previstos no Orzamento.

8.-A adquisición de bens e dereitos dentro dos límites establecidos na DA segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

9.-O outorgamento das licenzas, agás que as leis sectoriais o atribúan expresamente ao Pleno.

10.-O exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa do Concello nas materias de competencia da alcaldía.

TERCEIRO.- En calquera momento esta alcaldía poderá avocar para si, con carácter individualizado, calquera asunto entre os comprendidos na esfera das atribucións delegadas e resolver sobre o mesmo.

Independente das competencias que se delegan esta alcaldía poderá someter a consideración da xunta de goberno local como órgano de deliberación, asesoramento e apoio a esta alcaldía calquera asunto da súa competencia que sexa delegable e sometelo a votación.

CUARTO.- Da presente resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que este celebre, notificarase persoalmente aos designados e publicaranse no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao da data en que se dita a mesma.

## B. ACORDOS PLENARIOS

### B.1. Constitución da Xunta de Goberno local e periodicidade das sesións ordinarias

#### ACORDO

PRIMEIRO. Constituír a Xunta de Goberno Local, cuxo obxecto será a asistencia permanente a Alcalde no exercicio das súas atribucións, así como exercer, no seu caso, as atribucións que Alcalde ou outro órgano municipal deleguelle ou as que lle atribúan as leis.

SEGUNDO. A Xunta de Goberno Local estará integrada por Alcalde, que será o seu presidente, e por un número de 3 Concelleiros que serán nomeados libremente por Alcalde como membros da mesma.

TERCEIRO. A Xunta de Goberno Local axustará o seu funcionamento ao disposto nos artigos 112 e 113 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, a cuxos efectos se propón que a Xunta celebre *sesión ordinaria coa seguinte periodicidade: segundos e cartos xoves de cada mes, ás 13:00 horas.*"

### B.2 Periodicidade das sesións ordinarias do Pleno

#### A C O R D O

PRIMEIRO.- Establecer para o presente mandato corporativo o seguinte réxime de sesións ordinarias:

Periodicidade: cada dous meses.

Día: derradeiro mércores dos meses de: febreiro, abril, xuño, agosto, outubro e decembro.

Hora: vinte horas (20:00) os plenos de abril, xuño e agosto e dezanove horas (19:00) os plenos de febreiro, outubro e decembro.

Lugar: Salón de sesións da Casa Consistorial, salvo forza maior.

SEGUNDO.- Se o día en que correspondera celebrar sesión ordinaria fora festivo ou véspera de festivo, poderase adiantar ou retrasar a data de celebración, sen que exceda de sete días naturais, circunstancia que se acordará mediante Decreto da Alcaldía que será debidamente notificado aos membros corporativos.

TERCEIRO.- En casos excepcionais e concretos debidamente xustificados, e previa consulta aos voceiros dos diferentes grupos políticos, facúltase ao Sr. Alcalde para modificar o día e a hora de celebración das sesión ordinarias, o que se acordará no mesmo Decreto de convocatoria.

### **B.3 Constitución e composición das Comisións Infomativas.**

#### **A C O R D O**

PRIMEIRO.-Non constituir neste Concello os órganos ós que se refire o artigo 20.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, segundo a redacción dada ó mesmo pola Lei 11/1999, do 21 de abril, e preceptos concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais do 28 de novembro de 1986.

SEGUNDO.-Constituí-la Comisión Especial de Contas, a quen lle corresponderá o exame, o estudo e o informe da Conta Xeral e das demais contas anuais, e que para acomodar a súa composición á proporcionalidade existente entre tódolos grupos políticos representados na Corporación, propoño a seguinte composición:

-2 representantes do Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia (P.S. de G)

-1 representante do Grupo Municipal do Partido Popular (P.P.)

A presidencia será ostentada polo Sr. Alcalde D. Benigno Gómez Tadín.

TERCEIRO.-As sesións ordinarias da Comisión Especial de Contas celebraranse con anterioridade ao pronunciamento do Pleno sobre as contas anuais, e nos días e horas que fixe a Alcaldía.

CUARTO.-A adscripción concreta á Comisión dos membros da Corporación que deban formar parte da mesma, en representación de cada grupo, realizarase mediante escrito do Portavoz do mesmo dirixido ó Alcalde, e do que se dará conta ó Pleno. Deberá designarse un suplente por cada grupo municipal.

### **B.4 Delegación de atribucións do Pleno da Corporación na Xunta de Goberno local.**

#### **ACORDO:**

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local a totalidade das atribucións delegables do Pleno, é dicir, agás as enumeradas no artigo 22.4 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa vixente redacción e todas as demais competencias que de xeito expreso lle atribúan as leis, que non sexan declaradas indelegables, e os acordos que no exercicio destas deban ditarse sempre que non esixan os quorums que se establecen nos parágrafo 2º do artigo 47 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e nomeadamente:

- a) O exercicio de accións xudiciais e administrativas e a defensa da Corporación en materias de competencia plenaria.
- b) A declaración de lesividade dos actos do Concello.
- c) A concertación das operacións de crédito cuxa contía acumulada, dentro de cada exercicio económico, exceda do 10 por cento dos recursos ordinarios do Presupuesto -agás as de tesourería, que lle corresponderán cando o importe acumulado das operacións vivas en cada momento supere o 15 por cento dos ingresos correntes liquidados no exercicio anterior de conformidade co disposto na Lei Reguladora das Facendas Locais
- d) A aprobación dos proxectos de obras e servizos cando sexa competente para a súa contratación ou concesión, aínda que non estean previstos nos Presupostos.
- e) A disposición de gastos en materia da súa competencia (art. 166.3 do TRLRFL).
- f) As competencias que como órgano de contratación lle correspondan consonte o previsto na Disposición Adicional apartados 2 e 3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
- g) A adquisición de bens e dereitos cando o seu valor supere o 10% dos recursos ordinarios do Presupuesto ou as contías establecidas pola lexislación sectorial de aplicación, así como os alleamentos patrimoniais cando o seu valor supere as mesmas porcentaxes e contías indicados para as adquisicións de bens.
- h) A formulación de peticións de subvención cando a lexislación específica requira acordo plenario.

Segundo.- A delegación de competencia refírense, en todas as materias delegadas, tanto a competencia para ditar actos de trámite como actos resolutorios sobre o fondo do asunto e que afecten a terceiros. Nestes supostos os acordos adoptados pola Xunta de goberno local poñerán fin á vía administrativa.

Terceiro.- O exercicio das competencias delegadas farase de conformidade con canto se estableza na lexislación de aplicación e co réxime xeral previsto no Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Cuarto.- Publíquese na súa parte dispositiva no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade con canto se establece polo artigo 51.2 do ROF".

**B5 Nomeamento de representantes da Corporación de representantes da Corporación nos órganos colegiados que sexan competencia do Pleno****A C O R D O**

PRIMEIRO.-Nomear ao concelleiro, D. Luís de Alonso Álvarez representante desta Corporación no Consello Escolar do CPI Cervantes de San Román.

SEGUNDO.-Notificar o presente acordo ao concelleiro designado e ao Presidente do Consello Escolar do centro respectivo.

**B6 Réxime de asistencias aoa órganos colegiados****ACORDO**

PRIMEIRO. Determinar que tódolos concelleiros que non teñan dedicación exclusiva nin parcial percibirán asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colegiados dos que formen parte, percibindo as seguintes indemnizacións:

-Por asistencias a Plenos: 90 €.

-Por asistencias a Xuntas de Goberno local: 90 €

-Por asistencias á Comisión Especial de Contas: 90 €.

En calquera caso só cuantificarase una asistencia por día, con independencia do número de sesións ou reunións que se celebren.

SEGUNDO. Que se publique no *Boletín Oficial da Provincia* de forma íntegra o presente Acordo, aos efectos do seu xeral coñecemento, así como no Portal da Transparencia do Concello de Cervantes.

**B.7 Dedicación exclusiva de alcaldía****A C O R D O:**

PRIMEIRO.-Recoñecer a adicación exclusiva ao Alcalde-Presidente desta Corporación, o que lle esixirá a adicación á Alcaldía de xeito exclusivo no horario establecido para o funcionamento das oficinas municipais, sen prexuízo de prestar unha atención exclusiva aos asuntos urxentes que se presenten fora deste horario.

SEGUNDO.-Establecer, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirá en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e os dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e dar de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda:

-Percibirá unha retribución anual bruta de 29.400,00 €

Non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colegiados de que forme parte, pero sí a percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación documental, e así mesmo cando se trate da concorrencia efectiva aos órganos colegiados que se especifican no parágrafo 6 do artigo 13 do ROF.

TERCEIRO. Publicar de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o Acordo do Pleno, aos efectos do seu xeral coñecemento.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://cervantes.sedelectronica.gal>].

CUARTO. Notificar devandito Acordo aos interesados e ao Servizo de persoal e intervención para o seu coñecemento e efectos».

**B.8 Dedicación parcial do Concelleiro Delegado de Obras e Vías Públicas****A C O R D O**

PRIMEIRO.-Recoñecer a adicación parcial ao Concelleiro delegado de Obras e Vías Pública, D. Eduardo Pérez Gutiérrez, o que lle esixirá a adicación efectiva mínima de 10 horas semanais.

SEGUNDO. Establecer, as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirá en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e os dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e dar de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda:

-Percibirá unha retribución anual bruta de 7.000,00 €.

Non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colegiados de que forme parte, pero sí a percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación documental, e así mesmo cando se trate da concorrencia efectiva aos órganos colegiados que se especifican no parágrafo 6 do artigo 13 do ROF.

TERCEIRO. Publicar de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o Acordo do Pleno, aos efectos do seu xeral coñecemento.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://cervantes.sedelectronica.gal>].

CUARTO. Notificar devandito Acordo aos interesados e ao Servizo de persoal e intervención para o seu coñecemento e efectos».

#### **B.9 Dedicación parcial do Concelleiro Delegado de Cultura, Deporte, Educación, Sanidade e Servizos Sociais.**

##### **A C O R D O**

PRIMEIRO.-Recoñecer a adicación parcial ao Concelleiro delegado de Cultura, Educación, Sanidade. Deporte , e Servizos Sociais , D. Luis de Alonso Álvarez, o que lle esixirá a adicación efectiva mínima de 9 horas semanais.

SEGUNDO. Establecer as retribucións que a continuación se relacionan, que se percibirá en catorce pagas, doce correspondentes ás diferentes mensualidades do ano e os dous restantes correspondentes ás mensualidades de xuño e decembro, e dar de alta no réxime xeral da Seguridade Social, debendo asumir esta Corporación o pago das cotas empresariais que corresponda:

-Percibirá unha retribución anual bruta de 5.950 €.

Non podendo percibir asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados de que forme parte, pero si a percibir indemnizacións polos gastos ocasionados polo exercicio do cargo, cando sexan efectivos, e previa xustificación documental, e así mesmo cando se trate da concorrencia efectiva aos órganos colexiados que se especifican no parágrafo 6 do artigo 13 do ROF.

TERCEIRO. Publicar de forma íntegra no Boletín Oficial da Provincia de Lugo o Acordo do Pleno, aos efectos do seu xeral coñecemento.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello [<http://cervantes.sedelectronica.gal>].

CUARTO. Notificar devandito Acordo aos interesados e ao Servizo de persoal e intervención para o seu coñecemento e efectos».

Cervantes, 17 de xullo de 2019.- O Alcalde, Benigno Gómez Tadín.

R. 2261

#### **CERVO**

##### *Anuncio*

Corrección de erros no anuncio de apertura da bolsa de emprego do Concello de Cervo para postos de traballo de Auxiliar de Axuda no Fogar, publicado no Boletín Oficial da Provincia número 163 do mércores 17 de xullo de 2019.

Téndose producido error material procédese á súa corrección da seguinte forma:

Onde di: "o prazo de presentación de solicitudes será de 5 días naturais a partir da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo".

Debe dicir: "o prazo de presentación de solicitudes será de 15 días hábiles a partir da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo".

Cervo, 19 de julio de 2019.- O alcalde, Alfonso Villares Bermúdez.

R. 2293

#### **FOZ**

##### *Anuncio*

#### **Aprobación e exposición pública de Padróns fiscais e apertura do período de cobramento.**

Por Resolucións desta Alcaldía foron aprobados os seguintes Padróns de contribuíntes:

Padrón	Data resolución aprobación	Período de cobramento en voluntaria
Prezo público pola prestación do servizo de axuda no fogar dos meses de maio e xuño de 2019	8 de xullo de 2019	15 de xullo a 15 de setembro de 2019
Taxa pola prestación do servizo de escolas deportivas do mes de maio de 2019	2 de xullo de 2019	5 de xullo a 5 de setembro de 2019

Expóñense ao público por prazo de vinte días hábiles, segundo o establecido no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, ao obxecto de que aqueles que se consideren interesados poidan examinalos e interpoñer contra estes as reclamacións que consideren oportunas.

Iníciase asemade o procedemento de recadación, e ao efecto determínanse os períodos de pagamento en voluntaria reflectidos.

Ao día seguinte do vencemento do prazo do ingreso en período voluntario iniciárase o procedemento executivo e o administrativo de constrinximento, e devengarán as débedas as recargas do período executivo así como os correspondentes xuros de mora en virtude dos artigos 26, 27 e 28 da Lei Xeral Tributaria.

Contra as liquidacións de carácter tributario que se deriven dos presentes padróns poderase interpoñer recurso de reposición previo ao contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar dende a finalización do período de exposición pública de conformidade co establecido no artigo 14.2.c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Contra a desestimación expresa ou presunta do recurso de reposición poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ante os órganos e na forma e prazos determinados na Lei reguladora desta Xurisdición.

Foz, 9 de xullo de 2019.- O Alcalde, Francisco Cajoto Caserío.

R. 2262

## PEDRAFITA DO CEBREIRO

### *Anuncio*

O pleno deste Concello, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 18 de xullo de 2019, aprobou inicialmente o Plan Municipal de Prevención e defensa contra os incendios forestais do Concello de Pedrafita do Cebreiro, confeccionado pola empresa SEAGA (Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A).

Este Plan expónse ao público durante o prazo de 20 días hábiles, que empezarán a contar a partir do día seguinte ao da inserción deste edicto no BOP, para que durante o devandito prazo poida ser examinado e poidan formularse alegacións e reclamacións que se estimen pertinentes polos que se consideren interesados. O Plan estará exposto fisicamente durante o mencionado prazo nas oficinas da Casa do Concello en horario de 09:00 a 14:30 horas, así como no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello: <https://concellodepedrafitadocebreiro.sedelectronica.es>

Pedrafita do Cebreiro, 19 de xullo de 2019.- O Alcalde, José Luis Raposo Magdalena.

R. 2294

## RÁBADE

### *Anuncio*

Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro canon da auga e recollida de lixo do 3º bimestre do exercicio 2019.

Por Decreto da Alcaldía de data 4 de xullo do 2019, aprobouse o Padrón Tributario da taxa pola prestación do servizo de augas, sumidoiro, canon da auga e lixo, correspondente o terceiro bimestre do exercicio 2019, cuxo importe total ascende a cantidade de " 80.1763 " (oitenta mil cento setenta e tres) euros, así como a apertura dun período de información pública por prazo de un mes a partir da publicación do presente edicto no B.O.P. durante o cal todos os interesados poderán consultar o seu contido na Secretaría do Concello e presentar as alegacións que estimen oportunas. Queda aberto o prazo de cobro en período voluntario dende o día 1 ó 31 de xullo do 2019.

Contra o acto de aprobación do padrón da taxa prestación do servizo de augas, sumidoiro e lixo e das liquidacións incorporadas a este, poderase formular recurso de reposición ante esta Alcaldía, no prazo de un mes contado

dende o día seguinte ao de finalización do período de exposición ao público do padrón de contribuíntes ou ben recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo, sen que poidan interpoñerse ambos simultaneamente.

Transcorrido o período de pago en voluntaria as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento a través do servizo provincial de recadación co correspondente recargo de mora e costas que se produzan, no seu caso.

A repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante a Xunta Superior de Facenda (Consellería de Facenda) da Xunta de Galicia, no prazo dun mes dende o día seguinte ao remate de exposición pública do padrón.

A falta de pagamento en período voluntario do canon de auga suporá a esixencia directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia.

O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva ao abeiro do establecido nos artigos 102 da Lei Xeral Tributaria e 23 e 24 do RD 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación.

Rábade, 4 de xullo de 2019.-O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 2263

### *Anuncio*

Por resolución da Alcaldía-presidencia do Concello de Rábade de data **3 de xullo de 2019** prestouse aprobación ao Padrón da taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar correspondente ao mes **de xuño de 2019**, o cal se expón ao público polo prazo de quince días contados a partir do seguinte da súa publicación ao obxecto de que poida ser examinado e presentar contra o mesmo as reclamacións que se estimen pertinentes. Así mesmo faise saber que dita publicación servirá de notificación colectiva a todos os contribuíntes nel comprendidos ao amparo da Lei Xeral Tributaria.

Rábade, 3 de xullo de 2019.- O Alcalde, Francisco Xosé Fernández Montes.

R. 2264

## VIVEIRO

### *Anuncio*

Aprobación dos padróns fiscais de Auga e canon de Saneamento, rede de sumidoiros e Taxa de Recollida de Lixo (2º trimestre do exercicio 2019) e anuncios de cobranza.

Con data de 10 de xullo de 2019 por resolución da Alcaldía procédese á aprobación dos seguintes padróns fiscais

<u>Tributo</u>	<u>Exercicio</u>	<u>Importe</u>
Auga potable	2º Trimestre de 2019	166.564,54 €
Conservación de contadores	2º Trimestre de 2019	5.699,15 €
Rede de sumidoiros	2º Trimestre de 2019	33.232,15 €
Depuración de augas residuais	2º Trimestre de 2019	100.193,01 €
Recollida de lixos	2º Trimestre de 2019	304.699,03 €
Canon auga (Xunta)	2º Trimestre de 2019	88.075,09 €

De conformidade co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, pola que se aproba a Lei Xeral Tributaria, ábrese un período de exposición pública por espazo de 15 días hábiles, para o seu exame por parte dos contribuíntes.

Finalizado o prazo de exposición pública, poderá interpoñerse o recurso de reposición regulado no artigo 14.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, no prazo de un mes ante a Alcaldesa. Se o recurso non se resolvese no prazo de un mes entenderase desestimado. Contra a resolución do recurso de reposición poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, de acordo co disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Contra



a desestimación por silencio administrativo, o prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo será de seis meses.

#### Anuncios de cobranza:

De acordo co previsto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005, de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Recadación, indícase o seguinte en relación cos tributos anteriormente citados:

- O prazo de ingreso no período voluntario dos recibos será desde o día **10 de xullo de 2019 ao 10 de setembro de 2019**, ambos inclusive.
- Os contribuíntes poderán aboar os seus recibos en calquera oficina de Abanca, dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade ten establecidos, presentando a comunicación que a tal efecto lles será remitida ao seu domicilio tributario. Os que non recibiran dita comunicación poderán contactar coa oficina de ViAQUA de Viveiro, onde se lles facilitará documentación para poder efectuar o pago nas oficinas de: ABANCA, BBVA, SANTANDER, LA CAIXA ou CORREOS.
- Recórdase a conveniencia de facer uso da modalidade de domiciliación de pago de recibos a través de entidades bancarias e caixas de aforros, conforme as normas que sinala o artigo 38 do Regulamento Xeral de Recadación, e abvírtese que, transcorrido o prazo de ingreso sinalado anteriormente, iniciarásese o período de constrinximento de cobro, xerando os recargos sinalados nos artigos 28 e 161 da Lei 58/2003.

Viveiro, 10 de xullo de 2019.- A Alcaldesa, María Loureiro García.

R. 2276

## XERMADE

### Anuncio

#### Aprobación definitiva do expediente de modificación de créditos núm. 2019/CE/01.

Tendo sido definitivamente aprobado polo Pleno deste Concello o expediente de crédito extraordinario 2019/CE/01, por acordo adoptado en sesión celebrada o 23 de maio de 2019, e polo transcurso do prazo de 15 días de exposición ao público sen que se presentaran alegacións, en cumprimento do disposto no artigo 169.3 do Real Decreto Legislativo 2/2004 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, publícase o resumo de dito orzamento a nivel de capítulos, unha vez efectuadas as oportunas modificacións, quedando como se detalla:

#### ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	CONSIGNACIÓN ANTERIOR	CONSIGNACIÓN DEFINITIVA
<b>A) OPERACIÓNS CORRENTES</b>			
1	Gastos de persoal	447.344,95	447.344,95
2	Gastos en bens correntes e servizos	1.247.455,39	1.247.455,39
3	Gastos financeiros	800,00	800,00
4	Transferencias correntes	58.386,35	58.386,35
5	Fondo de Continxencia	0,00	0,00
<b>B) OPERACIÓNS DE CAPITAL</b>			
6	Investimentos reais	359.262,59	375.205,97
7	Transferencias de capital	0,00	0,00
8	Activos financeiros	0,00	0,00
9	Pasivos financeiros	5.000,00	5.000,00

**TOTAL GASTOS**

2.113.249,28

2.129.192,66

Xermade, 15 de xullo de 2019.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2265

*Anuncio***Aprobación da bolsa de emprego para efectuar nomeamentos interinos no posto de traballador/a social e nomeamento de funcionaria interina**

Por Decreto da Alcaldía núm. 111/2019 de data 07/03/2019 aprobouse a bolsa de emprego para efectuar nomeamentos interinos no posto de traballador/a social, formada polas seguintes persoas:

Nome e apelidos	DNI	Puntuación primeira proba	Puntuación segunda proba	Fase Concurso	Proba galego	Puntuación total
Lorena Bouza Piñón	****7304B	14,50	28,00	5,80	CELGA IV	48,30
Iria Fandiño Rascado	****7423F	13,00	28,00	12,60	CELGA IV	53,60
Nuria Filgueiras López	****1536C	14,00	31,00	1,00	CELGA IV	46,00

Asemade, nomeouse funcionaria interina por substitución transitoria da titular da praza de traballador/a social, consonte ao art. 10.1.b) do RDLex. 5/2015, para o posto de traballador/a social, a xornada completa (37,5 horas semanais) con data de inicio o 11/03/2019 ata a reincorporación da titular, a Lorena Bouza Piñón, con DNI \*\*\*\*7304B.

A bolsa de emprego terá unha vixencia de dous anos dende a súa publicación no BOP.

Faise público para xeral coñecemento.

Xermade, 16 de xullo de 2019.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2266

*Anuncio***Aprobación da bolsa de emprego para efectuar nomeamentos interinos no posto de educador/a familiar e nomeamento de funcionaria interina**

Por Decreto da Alcaldía núm. 130/2019 de data 21/03/2019 aprobouse a bolsa de emprego para efectuar nomeamentos interinos no posto de educador/a familiar, formada polas seguintes persoas:

DNI	Puntuación primeira proba	Puntuación segunda proba	Fase Concurso	Proba galego	Puntuación total
****8984H	12,00	27,00	1,55	CELGA IV	40,55
****7429X	15,00	29,00	1,55	CELGA IV	45,55

Asemade, por Decreto da Alcaldía núm. 148/2019 de data 29/03/2019 nomeouse funcionaria interina por substitución transitoria da titular, consonte ao art. 10.1.b) do RDLex. 5/2015, para o posto de educador/a familiar, a xornada completa (37,5 horas semanais) con data de inicio o 01/04/2019 ata a reincorporación da titular, a Lucía Guizán Trastoy, con DNI \*\*\*\*7429X.

A bolsa de emprego terá unha vixencia de dous anos dende a súa publicación no BOP.

Faise público para xeral coñecemento.

Xermade, 16 de xullo de 2019.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2267

### Anuncio

#### Aprobación definitiva do Plan Económico Financeiro 2018-2020

De conformidade co disposto nos artigos 23.4 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, e 26 do Real Decreto Lexislativo 1463/2017, de 2 de novembro, publícase a aprobación definitiva do Plan Económico Financeiro do Concello de Xermade para o período 2018-2020, aprobado en sesión plenaria de carácter extraordinario celebrada o 30 de abril de 2019, co texto íntegro que se inserta de seguido:

#### “PLAN ECONÓMICO FINANCIERO DE XERMADE

#### PERÍODO 2018-2020

#### 1. INTRODUCCIÓN

1.1. A Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira (LOEPSF), fixa tres regras fiscais de obrigado cumprimento: estabilidade orzamentaria, débeda pública e regra de gasto, situándose ao mesmo nivel en canto á obrigatoriedade da súa aplicación e as consecuencias do seu incumprimento.

1.2. Entenderase por Estabilidade Orzamentaria das AAPP a situación de equilibrio ou superávit estrutural. Dacordo co artigo 11.3 e 11.4 da LOEPSF, as corporacións locais non poderán presentar déficit estrutural, definido como déficit axustado ao ciclo, neto de medidas excepcionais e temporais. Igualmente, deberase cumprir co principio de Sustentabilidade Financeira, entendido como a capacidade para financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade da débeda comercial de acordo co establecido nesta Lei, a normativa sobre morosidade e na normativa europea.

1.3. O artigo 12 da LOEPSF define a regra de gasto nos seguintes termos: “A *variación do gasto computable da Administración Central, Comunidades Autónomas e Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do PIB a medio prazo da economía española.*” Taxa fixada polo Ministerio de Economía e Competitividade. En concreto, dita taxa para o ano 2017 situábase no 2,1%, sendo para o 2018 e 2019, o 2,4% e 2,7%, respectivamente.

1.4. Para as Corporacións locais cúmprese a regra do gasto se a variación, en termos SEC, do gasto computable de cada Corporación Local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos permanentes e diminucións de recadación derivados de cambios normativos.

1.5. Mediante Decreto de Alcaldía núm. 145 do 27 de marzo de 2019 apróbase a liquidación do orzamento municipal 2018, onde se pon de manifesto o incumprimento da regra do gasto, segundo o seguinte detalle:

Concepto	Liquidación 2017	Liquidación 2018
<b>Suma dos Capítulos 1 a 7 de gastos *</b>	<b>1.896.935,14</b>	<b>2.079.886,46</b>
<b>Axustes Cálculo empregos non financeiros segundo o SEC</b>	<b>+8.638,32</b>	<b>+2.914,00</b>
(-) Enaxenación de terreos e demais inversións reais	0	0
(+/-) Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ó orzamento	+8.638,32	+2.914,00
<b>Empregos non financeiros en termos SEC excepto intereses da débeda</b>	<b>1.905.573,46</b>	<b>2.082.800,46</b>
(-) Gasto financiado con fondos finalistas procedentes de la Unión Europea o de outras Administracións Públicas	-926.761,98	-1.023.825,94
(+) Unión Europea/Estado		
(+) Comunidade Autónoma		
(+) Deputacións		
<b>Total de Gasto Computable do exercicio</b>	<b>978.811,48</b>	<b>1.058.974,52</b>

<b>Avaliación do cumprimento do obxectivo</b>		
Gasto computable (1)	978.811,48	
Taxa de referencia de crecemento do PIB (2)	2,4 %	
Gto computable x taxa de incremento (1*2)	1.002.302,96	
Inversións Financeiramente sostibles	9.043,71	
Aumentos/disminucións (art. 12.4 por cambios normativos)	0	
<b>Límite da regra de gasto</b>	1.002.302,96	
<b>Gasto computable 2018</b>	1.049.930,81	<b>Non cumpre</b>
<b>Diferenza ente o límite da regra de gasto e o gasto computable</b>	47.627,85	

1.6. En caso de incumprimento da regra de gasto, establécese a necesidade de formular un plan económico financeiro que permita, no ano en curso e o seguinte, o cumprimento da regra de gasto, de conformidade co disposto nos artigos 21 e 23 da LOEPSF.

## 2. CONTIDO E TRAMITACIÓN.

2.1. Dacordo co artigo 21 da LOEPSF, o Plan Económico-Financeiro conterà, como mínimo, a seguinte información:

1.º) As causas do incumprimento da regra de gasto.

2.º) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.

3.º) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as aplicacións orzamentarias ou rexistros extrapresupuestarios en que se contabilizarán.

4.º) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basean estas previsións, de acordo co previsto no informe a que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15.

5.º) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

2.2. O Plan Económico-Financeiro será presentado, no prazo máximo dun mes desde que se constate o incumprimento, ante o Pleno da Corporación, quen deberá aprobalo no prazo máximo de dous meses desde a presentación e a súa posta en marcha non poderá exceder de tres meses desde a constatación do incumprimento.

2.3. Ademais, remitirase para o seu coñecemento á Comisión Nacional de Administración Local, e daráselle a mesma publicidade que a establecida polas leis para os Orzamentos da entidade.

2.4. Finalmente, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dará publicidade aos plans económico-financeiros, e á adopción efectiva das medidas aprobadas cun seguimento do impacto efectivamente observado das mesmas.

## 3. SITUACIÓN ACTUAL.

3.1. A liquidación do orzamento municipal 2018 ofrece as seguintes magnitudes:

A. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS: 524.984,89 €.

B. RESULTADO ORZAMENTARIO AXUSTADO: 189.526,86 €.

C. ESTABILIDADE ORZAMENTARIA: 15.943,38 €.

D. AFORRO NETO (a 31/12/2018): 206.368,67 €.

E. Porcentaxe débeda viva sobre ingresos correntes: (a 31/12/2018): 0,00%.

F. Período Medio de Pago (31/12/2018): 19,96 días.

3.2. Dacordo co anterior, a Corporación cumpre con todos os apartados do principio de Sustentabilidade Financeira, agás no que se refire ao incumprimento citado da Regra de Gasto.

## 4. CAUSAS DO INCUMPRIMENTO DA REGRA DE GASTO.

4.1. As cifras de obrigas recoñecidas dos exercicios 2017 e 2018 son as seguintes:

GASTOS		2017	2018	DIFERENCIAS	% INCREMENTO/ DECREMENTO
GASTOS DE PERSOAL	CAPÍTULO 1	318.847,49	394.671,74	75.824,25	23,78%
GASTOS CORRENTES EN BENS E SERVIZOS	CAPÍTULO 2	1.076.393,25	1.113.438,69	37.045,44	3,44%
GASTOS FINANCEIROS	CAPÍTULO 3	1.055,16	851,34	203,82	-19,31%

<b>TRANSFERENCIAS CORRENTES</b>	<b>CAPÍTULO 4</b>	<b>31.294,61</b>	<b>37.954,94</b>	<b>6.660,33</b>	<b>21,28%</b>
FONDO DE CONTINXENCIA	CAPÍTULO 5	0,00	0,00	0,00	0,00
<b>INVESTIMENTOS</b>	<b>CAPÍTULO 6</b>	<b>470.399,79</b>	<b>532.969,75</b>	<b>62.569,76</b>	<b>13,30%</b>
TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	CAPÍTULO 7	0,00	0,00	0,00	0,00
ACTIVOS FINANCEIROS	CAPÍTULO 8	0,00	0,00	0,00	0,00
PASIVOS FINANCEIROS	CAPÍTULO 9	9.645,58	4.822,78	4.822,82	-50,00%
<b>TOTAL</b>		<b>1.907.635,88</b>	<b>2.084.709,24</b>	<b>177.073,36</b>	<b>9,28%</b>

4.2. Como pode verse, o incremento de gasto máis acusado dáse no capítulo 1 de gastos correntes, capítulo 4 de transferencias correntes e gastos de investimento.

4.3. Respecto ao capítulo 1, incrementouse o gasto en 75.824,25€ (en termos porcentuais supón un 23,78% de incremento respecto ao 2017), debido ao incremento retributivo operado pola LPGE 6/2016, que supuxo un 1,5% no mes de xullo respecto das retribucións a 31/12/2017, e un 0,25% adicional no mes de agosto. A maiores, actualizaronse os complementos específicos nun 2% respecto aos de 31/12/2015, dado que non se incrementaran con motivo da LPGE 2016 (15) e LPGE 2017 (1%). Estes incrementos repercutiron negativamente na regra de gasto, dado que se trata de persoal financiado con fondos propios.

O persoal laboral temporal foi contratado con cargo a subvencións (Depuemprego 2017, Aprox Rural, Risga e convenio con Medio Rural para prevención de incendios). Non obstante, non se considera que este gasto repercuta negativamente no cumprimento da regra de gasto, xa que a maior parte do mesmo está financiado con recursos doutras administración.

4.4. No capítulo 4 de gastos de transferencias correntes, o incremento de gasto respecto ao exercicio anterior é de 6.660,33€ (21,28%), e débese basicamente ás novas subvencións nominativas contempladas: recollida de animais abandonados e S.C.D. Roupar.

4.5. Polo que se refire ao incremento de gasto do capítulo 6 de investimento, o incremento de gasto respecto ao exercicio anterior é de 62.569,76€ (13,30%), e débese basicamente ao volumen de investimentos realizados con fondos propios ao final do exercicio, que ascenden a un total de 65.966,60 euros, en concreto:

- a) Pintado de fachadas da casa do concello: 7.986,00 euros (realizada con fondos propios tras a inadmisión dunha solicitude de subvención a Vicepresidencia)
- b) Reparación de firmes en Arangón, Toutelo e Sanche: 20.000,00 euros
- c) Mellora do firme en pistas rurais en Piñeiro e Roupar: 20.000,00 euros
- d) Reparación de firmes en A Xunqueira e A Aureana: 17.980,60 euros

Ao tratarse de investimentos financiados con fondos propios, repercuten negativamente no cumprimento da regra de gasto.

4.6. Polo que se refire á comparativa dos ingresos de ámbolos exercicios, naqueles aspectos que afecta o cálculo da regra de gasto, que son aqueles cambios normativos que supoñan aumentos ou diminucións permanentes da recadación, non hai cambios normativos.

## 5. MEDIDAS A ADOPTAR PARA CORRIXIR A SITUACIÓN.

5.1. Analizadas as causas do incumprimento da regra de gasto segundo o apartado anterior, e as cifras de magnitudes expostas no apartado 2, non se observa ningún problema estrutural no gasto desta entidade que motive a adopción de medidas extraordinarias de contención do gasto ou incremento de ingresos, xa que a adopción das devanditas medidas abocaría a unha liquidación do orzamento de 2019 e 2020 cun maior remanente líquido de tesourería positivo e por tanto supoñería unha ineficiencia no uso dos fondos públicos.

5.2. Mediante a aprobación do presente plan adquirese o compromiso de non incumprir a Regra de Gasto no exercicio 2019 e 2020 executando por baixo do límite máximo previsto no anexo I deste Plan.

## 6. PREVISIÓNS TENDENCIAIS DE INGRESOS E GASTOS.

6.1. No Anexo I deste Plan contéplase a previsión tendencial de ingresos e gastos, baixo a premisa do incremento do gasto imputable nas porcentaxes permitidas polo acordo do Consello de Ministros para os exercicios 2019 e 2020 (o 2,7% e 2,8%, respectivamente) e polo que se refire aos ingresos, mantendo unha posición prudente, prevese que o nivel de ingresos estará ao mesmo nivel que o exercicio 2018.

6.2. Polo que refire ao nivel da débeda municipal, tómanse os datos tendo en conta que neste exercicio non se prevé.

6.3. Polo que se refire á débeda comercial e Período Medio de Pago, téñense en conta os datos a data 31/12/2018.

## 7. ANÁLISE DE SENSIBILIDADE CONSIDERANDO ESCENARIOS ECONÓMICOS ALTERNATIVOS.

7.1. A teor do exposto nos apartados anteriores, non é necesario contemplar escenarios alternativos, quedando garantida a sustentabilidade orzamentaria de conformidade co previsto neste plan.

## 8. CONCLUSIÓN.

8.1. Analizada a situación económica da Entidade derivada da liquidación do orzamento 2018, o Concello de Xermade presenta un plan económico financeiro que se limita a corrixir o desaxuste da regra de gasto, considerando que o resto de magnitudes relevantes cúmprense como se expuxo anteriormente tal e como se mostra no anexo, mostrando unha situación da entidade local saneada e sustentable.

8.2. Mediante a aprobación do presente plan adquirese o compromiso de non incumprir a Regra de Gasto no exercicio 2019 e 2020 executando por baixo do límite máximo previsto no anexo I deste Plan.

## ANEXO I

### 1.1. Estabilidade orzamentaria

Código	Denominación		Ingresos non financeiros	Gastos non financeiros	Axustes propia entidade	Axustes operacións internas	Capacidade/necesidade financiación
11-27-021-AA-000	Xermade	<b>Limitativa</b>	2082701,95	2079886,46	13127,89	0,00	15943,38

Código	Denominación		Ingresos non financeiros	Gastos non financeiros	Axustes propia entidade	Axustes operacións internas	Capacidade/necesidade financiación
11-27-021-AA-000	Xermade	<b>Limitativa</b>	2082701,95	2079886,46	0,00	0,00	2815,49

Código	Denominación		Ingresos non financeiros	Gastos non financeiros	Axustes propia entidade	Axustes operacións internas	Capacidade/necesidade financiación
11-27-021-AA-000	Xermade	<b>Limitativa</b>	2082701,95	2079886,46	0,00	0,00	2815,49

### 1.2. Regra de gasto

Código	Denominación		Taxa referencia 2018	Aumentos e diminucións (art. 12.4)	Límite regra de gasto	Gasto computable liquidación 2018	Cumprimento/incumprimento regra de gasto
11-27-021-AA-000	Xermade	<b>978.811,48</b>	1049930,81	0	1002302,96	1.049.930,81	-47627,85

Código	Denominación		Taxa referencia 2019	Aumentos e diminucións (art. 12.4)	Límite regra de gasto	Gasto computable liquidación 2019	Cumprimento/incumprimento regra de gasto
11-27-021-AA-000	Xermade	<b>1.049.930,81</b>	1078278,94	0	1078278,94	1078278,94	0

Código	Denominación		Taxa referencia 2020	Aumentos e diminucións (art. 12.4)	Límite regra de gasto	Gasto computable liquidación 2020	Cumprimento/incumprimento regra de gasto
11-27-021-AA-000	Xermade	<b>1078278,94</b>	1108470,75	0	1108470,75	1108470,75	0

### 1.3. Sostenibilidade financeira

#### 1.3.1. Débeda pública

Código	Denominación		DRN correntes LGP 2013	Axustes DF 31ª LGP 2013	DRN axustados	Débeda PDE	Coefficiente endebedamento
11-27-021-AA-000	Xermade	<b>Limitativa</b>	1758959,50	0,00	1758959,50	0,00	0,00%

Código	Denominación		DRN correntes	Axustes DF 31ª LGP 2013	DRN axustados	Débeda PDE	Coefficiente endebedamento
11-27-021-AA-000	Xermade	<b>Limitativa</b>	1758959,50	0,00	1758959,50	0,00	0,00%

Código	Denominación		DRN correntes	Axustes DF 31ª LGP 2013	DRN axustados	Débeda PDE	Coefficiente endebedamento
11-27-021-AA-000	Xermade	<b>Limitativa</b>	1758959,50	0,00	1758959,50	0,00	0,00%

### 1.3.2. Débeda comercial e PMP

Código	Denominación		Débeda comercial corrente	Débeda comercial pechados	Saldo 413	Total débeda comercial	PMP
11-27-021-AA-000	Xermade	<b>Limitativa</b>	60729,58	0,00	2914,00	124373,16	19,96

Código	Denominación		Débeda comercial corrente	Débeda comercial pechados	Saldo 413	Total débeda comercial	PMP
11-27-021-AA-000	Xermade	<b>Limitativa</b>	60729,58	0,00	0,00	60729,58	19,96

Código	Denominación		Débeda comercial corrente	Débeda comercial pechados	Saldo 413	Total débeda comercial	PMP
11-27-021-AA-000	Xermade	<b>Limitativa</b>	60729,58	0,00	0,00	60729,58	19,96

Xermade, a 16 de xullo de 2019.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2268

### Anuncio

#### Asunto: Aprobación inicial do expediente de modificación de crédito núm. 2019/TC/06

O Pleno do Concello de Xermade, en sesión extraordinaria que se levou a cabo o día 15/07/2019, acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de crédito núm. 2019/TC/06, na modalidade de transferencia de crédito.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1, por remisión do 177.2, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á exposición pública durante o prazo de quince días, contados desde o día seguinte ao da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas. Se unha vez transcorrido o devandito prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o dito acordo.

Xermade, a 16 de xullo de 2019.- O alcalde, Roberto García Pernas.

R. 2269